

Implementación e operación de redes Cisco CCNP ENCOR

Descrición

O curso de Implementación e Operación de Cisco Enterprise Network Core Technologies (ENCOR) está deseñado por Cisco para aquelas persoas profesionais do networking que estean a buscar consolidarse como expertas/os en redes e internet así como para aquelas/es que, finalizada a súa formación académica, desexen orientar a súa carreira profesional na contorna do networking.

É unha formación avalada pola certificación de nivel profesional CCNP, unha das máis respectadas da industria. CCNP ENCOR dá acceso ao exame de implementación e funcionamento das tecnoloxías principais da rede empresarial Cisco CCNP Enterprise: Core Networking (350-401 ENCOR) e céntrase no coñecemento da infraestrutura empresarial, incluída a dobre pila (IPv4 e IPv6), arquitectura, virtualización, infraestrutura, aseguramento da rede, seguridade e automatización. Esta certificación aborda nunha única área un conxunto de tecnoloxías que se implementan habitualmente nas chamadas redes corporativas ou redes de campus: encamiñamento, conmutación, sen fíos, QoS, automatización e SDN.

O curso de 160 horas de duración, combina a formación teórica coa formación práctica mediante laboratorios reais e/ou virtuais. O curso amplía a comprensión arquitectónica e profunda nas habilidades de implementación requiridas polas redes empresariais.

Abarca os temas de switching, routing, tecnoloxía sen fíos e seguridade, xunto coas tecnoloxías que admiten redes programables definidas por software.

O curso terá 90 horas de formación presencial (45 presenciais e 45 en aula virtual síncrona) e 70 horas de teleformación e a proba de selección será presencial.

HORARIO

Horario presencial/virtual: 16:30 a 20:30 horas

Presencial: 13, 14, 20, 21, 27 e 28 de abril, 4, 5, 11, 12 e 20 de maio.

Virtual: 26 e 27 marzo, 6, 7, 15, 16, 22 e 23 abril, 6, 7 e 13 maio.

Teleformación (horario de referencia de 16:30 a 21:30): 30 e 31 marzo, 1, 8, 9, 10, 17, 24, 29 e 30 abril, 8, 15, 18 e 19 de maio.

Obxectivos

Este curso ten como obxectivo formar a perfís técnicos na xestión, administración e resolución de incidencias en redes empresariais.

O curso de Implementación e Operación de Cisco Enterprise Network Core Technologies (ENCOR) dota ao alumnado do coñecementos e as habilidades necesarias para configurar, solucionar problemas e administrar redes cableadas e inalámbricas empresariais; e dos coñecementos e habilidades para implementar os principios de seguridade dentro dunha rede empresarial, así como superpoñer o deseño da rede mediante o uso de solucións como SD-Access e SD-WAN.

A superación dos módulos que compoñen o curso prepara ás/aos participantes para facer fronte ao exame de certificación CCNP Enterprise: Core Networking.

Exame de certificación incluído: 350-401 ENCOR. O manual está dispoñible en inglés e a certificación faraise en inglés.

A posibilidade de presentarse a exame por parte do alumnado estará suxeito á superación do curso co aproveitamento esixido polo CNTG e por Cisco e a obtención do correspondente voucher académico que o acredite.

Dirixido a

Está especialmente recomendado para o alumnado que finalizasen un grao superior de FP do ámbito das telecomunicacións e de informática e para graduadas/os de titulacións universitarias técnicas como informática, telecomunicacións, física, matemáticas ou enxeñería industrial, que desexen orientar a súa carreira profesional na contorna do networking. Tamén está altamente recomendado para traballadoras/es en activo que desexen mellorar o seu nivel de cualificación ou para aquelas/es que traballaron na área de redes e sistemas e que desexan consolidarse como expertas/os nesta área.

Esta formación é especialmente adecuada para enxeñeiras/os e administradoras/es de rede con polo menos un ano de experiencia que desexen profundar nas súas capacidades de deseño e administración de redes complexas.

Requisitos de acceso: non se require ningunha outra certificación previa, pero son valorables os coñecementos asociados á certificación CCNA ou a calquera das certificacións CCNP anteriores. En todo caso, son recomendables coñecementos sobre implementación de redes LAN empresariais.

BENEFICIOS	Opción gratuita dun exame de certificación oficial
	Diploma de asistencia

Perfil do docente

As/Os docentes son instrutoras/es acreditadas/os polo programa Cisco Netacad e certificadas/os nas especialidades que imparten. Teñen máis de 5 anos de experiencia nesta área.

PROGRAMA	Programación 2025/26
TIPO	CURSO
MATRÍCULA	Gratuíta
PERIODO INSCRICIÓN	02/02/2026 - 22/02/2026
PROBA DE SELECCIÓN	24/02/2026 (19:30)
CRITERIOS DE SELECCIÓN	Proba técnica presencial no CNTG en Santiago de Compostela
Nº PRAZAS	20 (Mínimo 10)
METODOLOXÍA	Presencial + virtual + teleformación
TIPO DE EDICIÓN	Edición única tarde (desempregados/as e ocupados/as)
DURACIÓN	160 horas (45h presenciais, 45h virtuais, 70h teleformación)
DATA INICIO	26/03/2026
DATA FIN	20/05/2026
HORARIO	Horario presencial/virtual: 16:30 a 20:30 horas

LUGAR DE DOCENCIA	Edificio localizado na r/Airas Nunes s/n, barrio de Conxo, en
CERTIFICACIÓN OFICIAL	Sí
EXAME CERTIFICACIÓN	Cisco 350-401: Implementing Cisco Enterprise Network Core
MÓDULOS TRANSVERSAIS	Igualdade de 10 horas
TECNOLOXÍA	Cisco
PERIODO DOCENCIA	26/03/2026 - 20/05/2026

Temario

1. Packet Forwarding
2. Spanning Tree Protocol
3. Advanced Spanning Tree Protocol
4. Multiple STP
5. VLAN trunks and Etherchannel Bundles
6. IP routing essentials
7. EIGRP
8. OSPF
9. Advanced OSPF
10. OSPFv3

11. BGP
12. Advanced BGP
13. Multicast
14. QoS
15. IP services
16. Overlay Tunnels
17. Wireless Signals and Modulation
18. Wireless Architecture
19. Understanding Wireless Roaming and Location Services
20. Authenticating Wireless Clients
21. Troubleshooting Wireless Connectivity
22. Enterprise Network Architecture
23. Fabric Technologies
24. Network Assurance
25. Secure Access Control
26. Network Device Access Control and Infrastructure Security
27. Virtualization
28. Foundational Network Programmability Concepts

29. Introduction to Automation tools